



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Delegación en Deputación Provincial da Coruña da inspección do imposto de construcións, instalacións e obras e da taxa urbanística

ANUNCIO

Delegación na Deputación da Coruña da inspección do imposto de construcións, instalacións e obras e da taxa urbanística

No pleno ordinario do día 14 de xaneiro de 2025 adoptouse o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a delegación a favor da Deputación provincial da Coruña, das seguintes competencias, nos termos indicados nas das Bases para a prestación de servizos tributarios da Deputación da Coruña:

a) Inspección do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

b) Inspección da Taxa por licenza de obras ou urbanística e pola realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

c) Recadación voluntaria e executiva das liquidacións derivadas das actuacións inspectoras. A delegación das competencias de xestión, inspección e recadación de tributos levará así mesmo o exercicio da potestade sancionadora das infraccións que se puidesen derivar dos devanditos procedementos.

SEGUNDO.- Publicar o acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia, abríndose un prazo de 30 días hábiles para o coñecemento dos interesados e para a presentación, no seu caso, de alegacións ao mesmo, tralo cal será preciso novo acordo adoptado polo Pleno do Concello de Dodro, resolvendo as alegacións recibidas ou elevando a definitivo o acordo provisional se non houberse ningunha.

TERCEIRO.- Notificar á Deputación da Coruña o acordo definitivo de la delegación, achegando certificación expedida pola Secretaría do Concello delegante.”

O que se publica aos efectos oportunos.

Dodro, 28 de xaneiro de 2026

O alcalde accidental, Ramón Abuín Gómez (Res. Alcaldía núm. 24/2026 de 23/01/2026)

2026/518